

ACTA NÚM. 13/2023.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2023.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 20 de outubro de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

CARLOS NOYA PEREIRA.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
ADRIÁN GARCÍA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Non asisten:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 11.10.2023.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 08.09.2023 AO 17.10.2023.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 18/2023, DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

6º) MOCIÓNS.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA.

Dada conta do decreto da alcaldía do 13.10.2023, que transcrito di:

O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que o Pleno ordinario correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificadas poderá adiantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que non é posible a asistencia desta alcaldía ao pleno ordinario correspondente ao 18 de outubro por mor de estar convocado para a realización dun procedemento administrativo no Concello de Negreira ese día, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o mércores día 18 de outubro ao venres 20 de outubro, ás 13,00 horas, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello para os efectos da súa ratificación.

Sometida a votación a súa ratificación, o Pleno por unanimidade dos once membros presentes acorda ratificalo.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 11.10.2023.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 12/2023, do 11.10.2023.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 08.09.2023 AO 17.10.2023.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data Sinatura	Asunto
00575/2023	08/09/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ACTUACIÓN MUSICA DA ORQUESTRA OLYMPUS O DÍA 27.09.2023, NAS FESTAS DE SANTA MINIA.

00576/2023	12/09/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS
00577/2023	12/09/2023	DECRETO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA A SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE RISCO DURANTE O EMBARAZO.
00578/2023	14/09/2023	M.C. Nº 16/2023: X.C. COMPROMISO FIRME DE ACHEGA 1ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2023 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL
00579/2023	14/09/2023	APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS 2024
00580/2023	15/09/2023	ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA CASA DO CONCELLO E CENTRO SOCIAL POLIVALENTE.
00581/2023	15/09/2023	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA AGOSTO
00582/2023	15/09/2023	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA AGOSTO
00583/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO OFICIAL OFICINA ELECTRÓNICA
00584/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO OFICIAL III ALBANEL
00585/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO ENCARGADO SECCIÓN OBRAS E MANTEMENTO INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS
00586/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO OFICIAIS IV PEÓN
00587/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO ENCARGADO DE SECCIÓN (VÍAS)
00588/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO OFICIAL I CONDUTOR RETROEXCAVADORA
00589/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO OFICIAL I TRACTORISTA
00590/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO OFICIAL I ALBANEL CONDUTOR
00591/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO PEÓN LIMPEZA EDIFICIOS MUNICIPAIS
00592/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO PEÓN GES-PROTECCIÓN CIVIL
00593/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO TRABALLADORA SOCIAL
00594/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO TÉCNICO INTERVENCIÓN FAMILIAR-EDUCADOR FAMILIAR
00595/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO OFICIAL ADMINISTRACIÓN
00596/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO 10 TÉCNICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL
00597/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO TÉCNICO DE EDUCACIÓN INFANTIL (XORNADA 50%)
00598/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO OFICIAL ADMINISTRACIÓN BIBLIOTECA
00599/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL
00600/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO DIRECTOR ESCOLA DE MÚSICA
00601/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO XEFE DE ESTUDOS MUSICAIS
00602/2023	15/09/2023	CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO TÉCNICO INFORMÁTICA
00603/2023	18/09/2023	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE.14/2022-D
00604/2023	18/09/2023	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO

		19/09/2023, ÁS 14.00 HORAS.
00605/2023	19/09/2023	APROBACION DA CERTIFICACIÓN Nº 3 E FINAL DA OBRA DE MELLORA DO VIARIO DE ACCESO A BABENZO.
00606/2023	19/09/2023	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000029697
00607/2023	19/09/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ACTUACIÓN MUSICAL O DÍA 26.09.2023 COA ORQUESTRA LA MISIÓN, NAS FESTAS DE SANTA MINIA.
00608/2023	19/09/2023	APROBACIÓN NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO POS + ADICIONAL 2 2023
00609/2023	19/09/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ACTUACIÓNS MUSICAIS O DÍA 24.09.2023 DA ORQUESTRA COMPOSTELA E O DÍA 26.09.2023 DA ORQUESTRA CAPITOL, NAS FESTAS DE SANTA MINIA.
00610/2023	19/09/2023	DECRETO PADRÓN SERVIZO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SETEMBRO
00611/2023	20/09/2023	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000029723
00612/2023	20/09/2023	APROBACIÓN CERT. LIQUIDACIÓN OBRA MELLORA DO VIARIO DE ACCESO A BABENZO
00613/2023	20/09/2023	ADXUDICACIÓN PROVISIONAL (EXTRAORDINARIA SETEMBRO) DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL CURSO 2023/24
00614/2023	21/09/2023	RELACION DE FACTURAS F/2023/56 ENERXIA ELECTRICA
00615/2023	21/09/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2023. BASTAVALES UNIÓN DEPORTIVA.
00616/2023	21/09/2023	DECRETO DE CONCESIÓN DE ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2023. EEI DE SABAXÁNS.
00617/2023	21/09/2023	COTAS MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA XUÑO A SETEMBRO 2023 - LB/06.2033 A LB/09.2023
00618/2023	21/09/2023	RELACION DE FACTURAS F/2023/53 (+3.000)
00619/2023	21/09/2023	LISTA DEFINITIVA E NOMEAMENTO DE TRIBUNAL PRAZA ESTABLIZACIÓN OFICIAL ADMINISTRACIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN.
00620/2023	21/09/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN DE FIANZA
00621/2023	21/09/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN DE FIANZA
00622/2023	21/09/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN DE FIANZA
00623/2023	21/09/2023	RELACION DE FACTURAS F/2023/54
00624/2023	21/09/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN DE FIANZA
00625/2023	21/09/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN DE FIANZA
00626/2023	21/09/2023	RELACION DE FACTURAS F/2023/55
00627/2023	21/09/2023	ATENCIÓN PUNTO LILA SANTA MINIA 2023
00628/2023	22/09/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON CINCO CONCELLOS PARA COMISIÓN DE SERVIZOS DA POLICÍA LOCAL DURANTE AS FESTAS DE SANTA MINIA. ANO 2023.
00629/2023	22/09/2023	BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE.22/2023-M
00630/2023	22/09/2023	ANULACIÓN DO DECRETO NÚMERO 607/2023, de 19.09.2023.
00631/2023	22/09/2023	ANULACIÓN DO DECRETO NÚMERO 609/2023 DE DATA 19.09.2023.
00632/2023	22/09/2023	APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN MELLORA DO VIARIO DA ALDEA DE ESPARÍS A DP-1302 E OUTROS DO POS+ADICIONAL 2/2023, 1ª FASE

00633/2023	22/09/2023	APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN DA OBRA MELLORA DO VIARIO EN A TELLEIRA DO POS +ADICIONAL 2/2023, 1ª FASE
00634/2023	22/09/2023	DECRETO COMISIÓN DE SERVIZOS SANTA MINIA 2023
00635/2023	22/09/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ACTUACIÓNS MUSICAIS O DÍA 24.09.2023 COA ORQUESTRA COMPOSTELA, O DÍA 25.09.2023 COA ORQUESTRA CAPITOL E O DÍA 26.09.2023 COA ORQUESTRA PARÍS DE NOIA, NAS FESTAS DE SANTA MINIA.
00636/2023	25/09/2023	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE.03/2020-D
00637/2023	25/09/2023	APROBACIÓN LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA A PRAZA DE ARQUITECTO/A.
00638/2023	25/09/2023	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SERVIZO ASESORAMENTO XURÍDICO URBANÍSTICO
00639/2023	25/09/2023	APROBACION CERT. Nº 1, 2 E 3 OBRA NOVO PARQUE CUBERTO EN LAMIÑO
00640/2023	26/09/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE PROYECCIÓN DE VÍDEO SOBRE A FACHADA DA CAPELA DE SANTA MINIA.
00641/2023	28/09/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2023. CLUB DE PATINAXE DE BRIÓN.
00642/2023	28/09/2023	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE.03/2022-D
00643/2023	28/09/2023	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. SETEMBRO 2023
00644/2023	28/09/2023	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DO PRIMEIRO TRIENIO DUN TRABALLADOR MUNICIPAL.
00645/2023	28/09/2023	REVISIÓN DE TRIENIOS DUNHA EMPREGADA PÚBLICA DO CONCELLO DE BRIÓN.
00646/2023	29/09/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2023. SOCIEDADE DEPORTIVA CAZADORES ALTAMIRA.
00647/2023	29/09/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2023. SOCIEDADE DEPORTIVA BRIÓN.
00648/2023	29/09/2023	REDUCCIÓN SAF EXPTE. 10/2022-D
00649/2023	29/09/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. SETEMBRO 2023.
00650/2023	29/09/2023	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DE MODIFICACIÓN ORDENANZA SANEAMENTO.
00651/2023	29/09/2023	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2023
00652/2023	29/09/2023	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2023
00653/2023	29/09/2023	CANON CONTRATO CONCESION DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - SETEMBRO 2023
00654/2023	29/09/2023	RECOÑECIMENTO DA EXCEDENCIA VOLUNTARIA DUNHA EMPREGADA PÚBLICA DESTE CONCELLO.
00655/2023	29/09/2023	RELACION DE FACTURAS F/2023/62 CONTRATO
00656/2023	29/09/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA OBRA DE MELLORA DO LOCAL UTILIZADO PARA REALIZAR ACTIVIDADES CULTURAIS: BIBLIOTECA MUNICIPAL.
00657/2023	29/09/2023	DECRETO APROBACIÓN DE EXPEDIENTE NÓMINA PRODUTIVIDADE LABORAIS. ANO 2023 (ASISTENCIAS 2022)
00658/2023	29/09/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA OBRA DE PINTADO DE PASO DE PEÓNS, PRAZAS PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA E LÍMITES DE VELOCIDADE.

00659/2023	02/10/2023	BAIXA XANTAR NA CASA Nº 45
00660/2023	02/10/2023	ADXUDICACIÓN DEFINITIVA (EXTRAORDINARIA SETEMBRO) DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL CURSO 2023/24
00661/2023	03/10/2023	AMPLIACION SAF EXPTE.08/2022-M-D
00662/2023	04/10/2023	RELACION DE FACTURAS F/2023/61 (+3.000)
00663/2023	04/10/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN TRIBUTARIA DE IRPF DA AEAT REFERIDA AO ANO 2021
00664/2023	04/10/2023	M.C. 17/2023: I.R. 2022/2023 (2022/2/GUITI/1, 2022/3/RISGA/1, 2022/3/APROL/1, 2022/3/POSGC/1 E VIAXE MAIORES COSTA ANDALUCÍA 2022)
00665/2023	04/10/2023	RELACION DE FACTURAS F/2023/60
00666/2023	04/10/2023	RELACION DE FACTURAS F/2023/63 CONTRATO
00667/2023	04/10/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA
00668/2023	04/10/2023	DECRETO PREMIOS 40ª CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA 2023
00669/2023	05/10/2023	DECRETO DA CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE SERVIZOS DO 10/10/2023, ÁS 13:00 HORAS.
00670/2023	05/10/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000462918.
00671/2023	05/10/2023	CONTRATO REPARACIÓN DE XOGOS E INSTALACIÓNS NO PARQUE INFANTIL DO TREMO
00672/2023	05/10/2023	DECRETO DE NOMEAMENTO AUX. ADTVO. INTERINO PARA SUBSTITUCIÓN DUNHA EMPREGADA PÚBLICA DESTE CONCELLO.
00673/2023	05/10/2023	DECRETO APROBACIÓN INCIAL DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2023.
00674/2023	06/10/2023	APROBACION DA CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA DE CONSTRUCCION NOVO PARQUE INFANTIL CUBERTO EN NINANS, LUAÑA.
00675/2023	06/10/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 11.10.2023, ÁS 13.00 HORAS.
00676/2023	09/10/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000739048.
00677/2023	09/10/2023	CONTRATOS MENORES REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN 2023.
00678/2023	09/10/2023	ALTA XANTAR NA CASA Nº 58
00679/2023	09/10/2023	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 10/10/23, ÁS 14.00 HORAS.
00680/2023	09/10/2023	REMISIÓN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO AO XULGADO E EMPRAZAMENTOS P.O. 0000189/2023.
00681/2023	09/10/2023	PERSONACIÓN ANTE O XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO 1 DE A CORUÑA NO P.O. 0000189/2023
00682/2023	09/10/2023	CONTINUACIÓN DA RELACIÓN LABORAL DA SUBSTITUCIÓN DUNHA TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE REDUCIÓN DE XORNADA POR MOTIVOS DE CONCILIACIÓN.
00683/2023	10/10/2023	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS SETEMBRO 2023. MODELO IRPF 111, 115 E IVE 303.
00684/2023	10/10/2023	RESOLUCIÓN DE DENUNCIA PRESENTADA POLA EXECUCIÓN DUN SILO
00685/2023	10/10/2023	DECRETO SUSPENSIÓN CAUTELAR TALA DE MASAS ARBÓREAS NAS INMEDIACIÓNS DO BALNEARIO DO TREMO
00686/2023	10/10/2023	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA

		AMPLIACIÓN DA SEGURANZA VIARIA DO ACCESO Á ALDEA DE OMBRE
00687/2023	10/10/2023	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA OBRA DE AMPLIACIÓN DA SEGURANZA VIARIA DO ACCESO Á ALDEA DE OMBRE.
00688/2023	11/10/2023	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 23/2023-M
00689/2023	11/10/2023	DECRETO DA CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 17.10.2023, ÁS 13:00H.
00690/2023	11/10/2023	ANULACIÓN DO DECRETO DA CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 17.10.2023, ÁS 13:00H.
00691/2023	11/10/2023	NOVO DECRETO DA CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 17.10.2023, ÁS 13:00H.
00692/2023	11/10/2023	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OUTUBRO
00693/2023	11/10/2023	APROBACIÓN EXPEDIENTE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES: GASÓLEO A, GASOLINA 95 SEN PLOMO, GASÓLEO C, E PELLETS.
00694/2023	11/10/2023	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCURRENCIA SETEMBRO
00695/2023	11/10/2023	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA SETEMBRO
00696/2023	13/10/2023	RETRASANDO A SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 18 AO 20 DE OUTUBRO.
00697/2023	16/10/2023	AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE USO EN PRECARIO DA INSTALACIÓN DE PIRAGÜISMO DE ONS AO CLUB DE PIRAGÜISMO RIBEIRAS DO TAMBRE E APROBACIÓN DE CONVENIO.
00698/2023	16/10/2023	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 179
00699/2023	16/10/2023	CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE: PROXECTO DE MELLORA DO VIARIO DENDE A RÚA GONDAR A LÍMITE MUNICIPAL E OUTROS.
00700/2023	17/10/2023	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 2 E FINAL OBRA REFORMA DO FIRME NOS ACCESOS A GUITIANDE E OUTROS
00701/2023	17/10/2023	BAIXA XANTAR NA CASA Nº 58
00702/2023	17/10/2023	BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE. 23/2023
00703/2023	17/10/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA
00704/2023	17/10/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000598005.
00705/2023	17/10/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 20.10.2023, ÁS 13:00H.

O Pleno toma coñecemento.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 05.10.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 17.10.2023, que transcrita di:

Co obxecto de proceder á modificación da taxa pola subministración de auga, e tendo en conta que o artigo 16 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecen esta posibilidade, tramitouse o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

O motivo que xustifica esta proposta é a necesidade de actualizar as tarifas existentes en función do I.P.C., de agosto de 2022 a agosto de 2023, que é do: 2,60 %, por ser as datas de referencia da actualización desta taxa, tratando de conseguir o autofinanciamento do servizo.

Visto o informe de secretaría, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos publicados nos BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014, 14.12.2015, 15.12.2016, 14.12.2017, 12.12.2018, 11.12.2019, 15.12.2020, 16.12.2021 e 15.12.2022.

2º) Modificar o texto da ordenanza nos seguintes termos:

-. Se modifican os epígrafes 1 ao 6 do art. 6: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral.

Tarifa	Concepto	Tarifa
1.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,700 €/ m ³
1.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,913 €/ m ³
1.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	1,365 €/ m ³

Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña.

Tarifa	Concepto	Tarifa
2.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,514 €/ m ³
2.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,564 €/ m ³
2.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	0,681 €/ m ³

Epígrafe 3. Acometidas.

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá:

Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.

Ø Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)
¾"	239,62	308,60	369,64
1"	258,27	325,93	383,52
1 ¼ "-1 ½"	310,70	379,06	436,70
2 "	369,73	436,67	495,01

Prezos para a acometida de máis de 5 m.

	3/4"	1"	1 1/4 "-1 1/2"	2 "
(A) incremento € por m	11,11	13,03	18,61	31,28
(B) incremento € por m	24,52	26,50	32,00	44,66
(C) incremento € por m	29,54	30,65	36,94	49,54

Epígrafe 4. Contadores.

Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores ou similar.

Características	Tarifa
Contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión	98,19 €/ud.
Contador de 20 mm., válvula antirretorno e pezas de conexión	124,43 €/ud.

Instalación de arqueta no chan.

Características	Tarifa
Arqueta de 40 x 40, contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión.	218,74 €/ud.

Contador de diámetro superior a 20 mm.

Características
Según orzamento para cada caso

Contadores (sen colocación).

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	67,39 € /ud.
Ø 15 mm	67,39 € /ud.
Ø 20 mm	93,61 € /ud.
Ø 25 mm	152,53 € /ud.
Ø 30 mm	213,20 € /ud.
Ø 40 mm	330,53 € /ud.
Ø50 mm	722,15 € /ud.
Ø 65 mm	895,24 € /ud.

Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados.

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cota	5,07 € / ud.

Epígrafe 6. Desprecintado do contador/Comprobación e precintado de contador no instalado polo servizo/Comprobación de contador de abonado con contador patrón.

Esta cota é a que se refire ao reestablecemento do subministro

	Tarifa
Cota	34,17 € / ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2024, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

3º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5), PP (3) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 18/2023, DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 11.10.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 17.10.2023, que transcrita di:

Visto que o artigo 177 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, permiten a incoación dun expediente de crédito extraordinario para a realización dun gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o cal non exista crédito consignado no orzamento, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que se considera necesario acometer as obras relacionadas na memoria de alcaldía obrante no expediente e descritas no correspondente proxecto técnico, para a que non existe crédito consignado no vixente orzamento da Corporación e é non ampliable, e considerando

que se dispón dalgúns dos medios de financiamento previstos na lexislación de facendas locais.

Visto o expediente tramitado, e previo informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Especial de Contas (a cal actúa como permanente de Facenda), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobación da modificación de crédito número 18/2023 do orzamento municipal para o exercicio 2023, crédito extraordinario nº 01/2023, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

APLICACIÓN	ECONÓMICA	DENOMINACIÓN PROXECTO	IMPORTE
933	622.00	XESTIÓN DO PATRIMONIO. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN (Proxecto refundido de execución para a ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos, Concello de Brión)	
		PG 2023/2/AMPAB/1	390.346,08 €
		Total	390.346,08 €

Altas en aplicacións de ingresos

Económica	Denominación	IMPORTE
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	390.346,08 €

Segundo.- Aprobación da modificación do Anexo de Investimentos do orzamento 2023, incorporando as alteracións que resultan desta modificación de créditos.

Terceiro.- Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5), PP (3) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) MOCIÓN.

Aprobouse por unanimidade dos once membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

6.1. DACIÓN DE CONTA DE CAMBIO DE VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

Por secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ao escrito asinado polos catro compoñentes do grupo municipal do Partido Popular de data 17.10.2023, presentado no rexistro do Concello con rexistro de entrada núm. 202399900001525, do 19.10.2023, polo que designan nova voceira do grupo a María Fariña Bellón, e como nova voceira suplente a Trinidad Yolanda Rico Rodríguez.

O Pleno toma coñecemento.

6.2. PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE BRIÓN NO PROGRAMA DE AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR MUNICIPAL (IDAE).

Dada conta da proposición da Alcaldía do 20.10.2023, que transcrita di:

Vista a convocatoria de axudas do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), publicada no BOE de data 26 de xullo de 2023, reguladas pola Orde TED/388/2023, do 29 de marzo, pola que se aproban as bases reguladoras do programa de axudas para proxectos singulares de renovación das instalacións do alumeado exterior municipal, Proxectos Singulares Alumeado Municipal, publicada no BOE do 21 de abril de 2023, que consisten en préstamo reembolsable sen intereses dirixido a financiar a execución de proxectos singulares de renovación de instalacións de alumeado exterior municipal (proxectos singulares de alumeado municipal), sendo o prazo máximo de vixencia do préstamo 10 anos (que inclúe os primeiros 12 meses de carencia, polo que o prazo de amortización máximo será de 9 anos), considerando necesario dado o estado deficiente no que se atopa o alumeado municipal presentarse á convocatoria, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a participación na convocatoria correspondente ao programa de axudas para proxectos singulares de renovación das instalacións do alumeado exterior municipal e a aceptación das súas bases reguladoras (Orde TED 388/2023, do 29 de marzo, pola que se aproban as bases reguladoras do programa de axudas para proxectos singulares de renovación das instalacións do alumeado exterior municipal, Proxectos Singulares Alumeado Municipal.)

SEGUNDO: Aprobar a concertación da operación de préstamo reembolsable sen intereses, polo importe de: 2.770.900,00 € (Dous millóns setecentos setenta mil novecentos euros), de acordo coa resolución de concesión da axuda correspondente.

TERCEIRO: Considerar ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética como acredor preferente, por razón de dita operación de préstamo, polo que os pagos correspondentes á amortización do principal do mesmo, intereses de demora, ou eventuais penalizacións gozarán de lugar preferente na orde de

prelación de pagos, tras os gastos de persoal, no plan de disposición de fondos de tesourería do Concello, durante o período de vixencia do correspondente contrato de préstamo.

CUARTO: Aprobar a “Memoria descriptiva (Adenda) ao proxecto de mellora da E.E mediante tecnoloxía LED no alumado público exterior do Concello de Brión” redactada por José Luís González Sánchez, enxeñeiro técnico de minas, na data 19 de outubro de 2023, que se incorpora ao expediente.

QUINTO: Notificar ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) o presente acordo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

SEXTO: Facultar a alcaldía para os trámites sucesivos e necesarios para a execución deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposición, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5), PP (3) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposición nos seus propios termos.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

7.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. Sobre a falta de limpeza na Urbanización Lamas de Albariño.

FALTA DE LIMPEZA EN FINCAS URBANAS (Anexo 1).

Veciños/as da Urbanización Lamas d'Albariño, na parroquia de Brión, transmitíronnos queixas sobre a falta de limpeza de varias fincas situadas en solo urbano. As ditas queixas, nalgún caso, xa foron rexistradas neste Concello o pasado mes de agosto, sen que os propietarios procedesen á limpeza a que están obrigados. Unicamente se cortaron, nalgún caso, parte das silvas que invadían a vía pública.

Segundo relatan, a falta de limpeza e coidado destas fincas é habitual desde hai anos e especialmente preocupante cando están situadas a moi poucos metros de elementos dotacionais, como dúas residencias de maiores. As fotografías que nos fixeron chegar demostran que, nalgúns momentos, o mato incluso chegou a estar situado a poucos metros das bombonas de gas da residencia Servisenior Brión I.

A relación de referencias catastrais das ditas fincas é:

- 6555935NH2465N0001EU e 6555936NH2465N0001SU (limitan co paseo de Pedrouzos e/ou coa residencia Servisenior Brión I).
- 6555943NH2465N0001WU (limita coa residencia Servisenior Brión I e coa rúa Tarrío).
- 6555945NH2465N0001BU (limita coa entrada da residencia Servisenior I).
- 6555940NH2465N0001ZU e 6555941NH2465N0001UU (limitan coa rúa Tarrío).

Dado que a situación é reiterada no tempo, non algo novidoso, solicitamos que o Concello de Brión envíe os correspondentes requirimentos aos propietarios das ditas parcelas e que exerza

o seu labor de vixilancia (especialmente no período de alto risco de incendios) sen que deban ser as veciñas e veciños quen dean o aviso.

O Sr. Concelleiro Vidal González, de orde da alcaldía, sinala que os requirimentos xa foron enviados aos titulares, que son empresas privadas, porque o Concello atende as propiedades públicas; deben ser os veciños os que denuncien a través da policía local e a partir de aí se actúa con arranxo ao procedemento establecido.

O Sr. Concelleiro Penas Corral pregunta, tedes as datas de envío dos requirimentos?.

O Sr. Concelleiro resposta que non.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o Concello pode facer requirimentos de oficio, que están preto do Concello e se ven claramente, sobre todo ás fincas que teñen visibilidade.

O Sr. Alcalde sinala que unha é propiedade da residencia e está notificada, e que non se trata de limpar só unha vez senón continuamente desde o 1 de abril, e nós non temos un cadro de persoal tan grande como para investigar e sancionar por esa problemática.

2. Sobre o estado das papeleiras no noso concello.

ESTADOS PAPELEIRAS (Anexo 2).

Son numerosos os casos de deterioro das papeleiras no noso concello, ben directamente porque están en mal estado, ben porque foron vandalizadas, porque non teñen bolsa de recollida do lixo, etc, etc. Pensamos é o momento de facer unha análise total de todo este material e proceder ao cambio paulatino de todas aquelas que estean en mal estado.

O Sr. Alcalde sinala que hai que recoñecer que é verdade, se atopan en mal estado e algunhas cambiáronse esta semana e se incluírán no próximo orzamento, e tamén hai que dicir que moitas das que se puxeron novas xa están rotas, penso que habería que cambiar o mobiliario, no último mes cambiáronse cincuenta e xa están rotas outra vez.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que se tome en consideración no orzamento, que sexa verdade.

3. Sobre o parque infantil cuberto de Lamiño.

Tal e como xa preguntamos por esta cuestión en varias ocasións, e preocupados especialmente ao tratarse dunha medida que levaba o BNG de Brión na súa campaña electoral, a día de hoxe segue sen estar aberto o parque infantil de Lamiño, agora cuberto entendemos.

Foi en novembro de hai un ano cando se adxudicou o contrato a empresa Proyecon Galicia, S.A. cun tempo de execución de 4 meses, a 12 meses vista o parque segue sen estar aberto aos nosos rapaces.

Cal é a problemática existente para a execución ou finalización dese parque? Que se está a facer dende o concello para o cumprimento do contrato?

O Sr. Alcalde sinala que o retraso debeuse á problemática que hai en todas partes de subministro de materiais; engade que xa está rematado e está á espera de informes pertinentes de homologación da instalación, ten céspede e agora sería unha lameira, se

recibirá e esperamos que se abra para a semana. Se retrasou máis do normal, os prezos de incrementaron, e se tiveron que introducir variacións no proxecto, pero vai quedar ben.

4. Sobre as medidas acústicas nas festas de Santa Minia.

Preguntamos polas medidas de protección acústica nas festas de Santa Minia no anterior pleno e respondeunos o equipo de goberno que xa se tiña en conta (antes da nosa preposición) e que se ía facer. Esa foi a resposta do equipo de goberno. O certo é que os días que estivemos pola zona de atraccións e preguntamos aos responsables das mesmas, estes contestaron primeiro coa mirada (de incredulidade) e despois de palabra de que non tiñan absolutamente ningunha consigna nese senso por parte do Concello.

Estamos afeitos a que se digan cousas nesta sesión que despois non se realizan, pero a pregunta é, porque tal e como comentaron non se aplicou esta medida (solicitada por outra parte por algúns dos veciños do noso concello)?

É certo que pasou o día pasou a romaría pero ...

O Sr. Concelleiro Noya Pereira, de orde do Sr. Alcalde, responde que dígolle que se falou cos representantes dos feirantes e lles dixemos que se fixera como sempre se fixo, os días 26 e 27 de cinco a sete da tarde, e polo que nós coñecemos se cumpriron as medidas como sempre de cinco a sete.

A Sr^a. Concelleira Andrade Carrillo sinala que eu estiven alí e non se cumpriu.

O Sr. Concelleiro sinala que tamén dicían vostedes que non había punto lila e había.

A Sr^a. Concelleira sinala que nós dixemos que se volviera poñer o punto lila; e no tema do ruído que se abra a máis días, que ir alí sexa un momento agradable.

O Sr. Alcalde sinala que os días 26 e 27 non estiven por abaixo, outros días fun coas fillas e estaban pechadas as instalacións e sinala que para outro ano ao mellor hai que darlle as instrucións por escrito para que as cumpran.

5. Fonte do Balneario do Tremo.

FORTE DO BALNEARIO DO TREMO (Anexo 3).

Saíndo pola autovía di que Brión é unha vila termal, o certo é que de termalismo que a xente coñeza temos pouco. Unhas das poucas sinais de identidade que temos e que podiamos visibilizar moito máis é a Fonte do Tremo, fonte que como se pode ver pola foto (Anexo 3) está en condicións mais que mellorables.

Facemos o presente rogo para solicitar que se acondicione dándolle o status que realmente merece e ao mesmo tempo que se sinalice para que non só os veciños que en xeral xa a coñecemos senón a xente que pasa polo concello poda visitala.

A Sr^a. Concelleira Rey Vázquez, de orde do Sr. Alcalde, sinala que parece que a designación como vila termal fai algo de gracia como o di vostede, pero que grazas a iso poderemos participar en convocatorias para vilas termais. Engade que tivemos reunións cos técnicos de cultura da Deputación para, entre outras actuacións, poñer en valor a fonte do balneario do Tremo, tivemos a reunión o 16 de febreiro e están na Deputación redactando o proxecto.

O Sr. Alcalde sinala que se atopa nun estado moi mellorable.

A Sr^a. Concelleira Andrade Carrillo sinala que hai que facer un mantemento diario, non é necesario facer un gran investimento alí.

O Sr. Alcalde sinala que non é que a teñamos esquecida, imos facendo algo pero as herbas medran.

6. Sobre o patio cuberto do CEIP Pedrouzos e desprendemento de parte da cornixa.

Estes días nos que volveu a choiva puidemos comprobar unha vez máis como o patio cuberto do CEIP Pedrouzos volveuse converter nunha pista de waterpolo por mor das choivas. Como é un tema tamén recorrente e xa se nos dixo en diversas ocasións que se ía falar coa consellería, queríamos saber cal é a situación actual coa finalidade de atopar unha solución o máis inmediata posible. Sabemos da desidia en xeral da consellería da Xunta de Galiza ao cal se xunta as dificultades que ten o equipo de goberno para reunirse con outras administracións, pero entendemos e insistimos en que este é un tema que por antigo e por prioritario é urxente.

E urxente tamén é a solución ao acontecido o martes en horario escolar, durante o recreo despois de xantar, desprendeuse boa parte da cornixa do tellado. Por sorte non houbo que lamentar unha desgraza maior, xa que o alumnado estaba no patio cuberto sorteando as goteiras. Polo cal insistimos en presionar á consellería para que fagan unha revisión a fondo de todo o colexio e verifiquen que non existen máis riscos deste tipo ou doutro tipo.

A Sr^a. Concelleira Rey Vázquez, de orde do Sr. Alcalde, sinala que a situación é urxente, tivemos unha reunión cos responsables do colexio e coa consellería, que nos dean as deficiencias para trasladalas á Xunta que é a competente; o Concello xa fixo pequenas melloras aínda que tamén eran competencia da Xunta; esperemos que o inclúan no plan da Xunta do nova arquitectura pedagóxica, xa o pedimos.

O Sr. Alcalde sinala que nós non temos problemas coas reunións; que este tema é un problema, mandamos ao técnico e comunicáselle á Xunta, e van tomar medidas e reparar iso, porque entre outras cousas temos aos fillos alí.

7.2. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do PP:

1. O pasado mes de setembro de 2022 trouxemos a este Pleno municipal que despois de ter falado con varios veciños do Concello, e á vista do seu interese, solicitamos que se inicie o expediente para o comezo da tramitación da concentración parcelaria co Concello. Dende o Concello indicouse que era un proceso custoso e longo pero que se iniciarían as conversas coa Consellería de Medio Rural, queríamos saber en que momento das conversas se está.

O Sr. Concelleiro Vidal González, de orde do Sr. Alcalde, sinala que estamos a falar da concentración parcelaria de monte, que estas comunicacións están enviadas á Consellería de Medio Rural, pero non pode ser máis de 100 hectáreas porque é o máximo legal, sendo o mínimo de 15 hectáreas; dicir que poden ser os veciños os que o soliciten, pero que teñen que estar todos de acordo, é complexo, e a Xunta ten que velo viable para facer ese investimento, o Concello podería botar unha man se os veciños se poñen de acordo nun núcleo.

2. Como xa pediramos en máis dunha ocasión, queríamos saber se o paseo que hai na Avenida de Noia, a zona de Boimil e na zona de Guldrís a Brión, vai a ter iluminación, se o final se puido meter no proxecto que tiña o Concello sobre luminarias.

O Sr. Alcalde sinala que teñen que ser obxecto dun proxecto individual, o que se está a facer agora é o que quedou anteriormente sen punto; hai proxecto feito e cando veña o orzamento intentaremos levar a cabo as máis urxentes, o que se está facendo agora é pola necesidade das novas vivendas.

3. Xa o pasado mes de abril de 2023 trouxemos a este pleno o mantemento do CEIP Pedrouzos en relación ao arranxo das pluviais do patio (tanto na entrada principal, como no final do patio e na saída dos bombeiros), supoño que colocando unha reixa se amañaría o problema, o cambio dos canalóns do patio cuberto así como repaso da pintura das columnas do mesmo e eliminación das goteiras existentes, cambio da porta principal de acceso ao colexio, xa que non pecha ben e hai que golpeala, co conseguinte dano que se lle está a facer ao interfono.

Sabendo as choivas que se están a producir estes días, e o estado dos canalóns do patio cuberto, queríamos saber se se fixo algunha destas actuacións ou se as teñen previstas.

A Sr^a. Concelleira Rey Vázquez, de orde do Sr. Alcalde, sinala que as brigadas municipais fixeron obras; respecto do canalón están pendentes de recibilo e colocalo, e o tema da porta é da consellería e está solicitado neste plan do que falamos antes.

O Sr. Alcalde sinala que o mantemento ordinario é cousa nosa, pero as grandes reparacións non.

4. Como xa trouxeramos a este pleno municipal nunha ocasión, o estado da sinalización vertical das aldeas cada vez está peor, no pasado mes de maio, xusto antes das eleccións comezaron a cambiarse algunhas delas, pero deixa moito que desexar a colocación das mesmas, xa que algunhas xa non se ven coa maleza e outras colocadas ao lado contrario da marcha dos vehículos. Así mesmo, quedan moitas aldeas sen a nova sinalización, creo que estes días algunhas se estiveron colocando pero queremos saber se se vai chegar a todo o concello e cal é a previsión de tempo de colocación das mesmas.

O Sr. Alcalde sinala que a sinalización que se estivo colocando eses días se aprobou aquí no Pleno e aínda quedan por colocar; en Cornanda hai unha incongruente e algunha está en castelán; non hai máis e esperemos aos novos orzamentos para solucionar os problemas que haxa, e remata sinalando que se puxeron onde estaban as outras anteriormente.

5. Desde este grupo municipal entendemos que a edificación na que se celebran as eleccións en Sabaxáns pertence ao Concello.

Queremos solicitar que dende o Concello se proceda ao adecentamento do mesmo no interior, xa que como é sabido, cando se usa o mesmo para a celebración das eleccións o estado do mesmo non é o recomendable xa que está todo cheo de humidades e con moita falta de limpeza, sendo os propios interventores e apoderados dos partidos os que o teñen que adecentar.

Queremos saber se dende o grupo de goberno se ten pensado solucionar este tema.

O Sr. Alcalde sinala que se refire vostede a San Salvador, non a Sabaxáns; engade que cambiouse o tellado e se os veciños queren facer actuacións alí se podería amañar, pero se se lle vai dar uso; se non ten uso é complicado mantelo, intentaremos buscarlle unha actividade e melloralo.

6. Na parroquia de Ons, hai un campo de fútbol que nestes momento está en mal estado de conservación, queríamos pedir ao concello que se procedera á limpeza do mesmo e á colocación dunha portaría nova xa que unha delas está en perfecto estado e a outra está cun dos ferros caendo, e podendo ser un perigo para os nenos que usen o mesmo.

O Sr. Alcalde sinala que tomaremos medidas para intentar adecualo ás necesidades de uso que ten, tomamos nota.

7. A vista de varias queixas de veciños de Trasouteiro, solicítase que dende o Concello se tomen medidas para que os donos do pazo procedan á limpeza da maleza existente e que causa molestias aos veciños e problemas de insalubridade.

O Sr. Alcalde sinala que foi limpado o ano pasado polo obradoiro de emprego e evidentemente está notificado o propietario para que o limpe.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González